


**SANTIAGO
DE COMPOSTELA**
PÓRTICO DA GLORIA

CIDADE INVITADA
FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO
BUENOS AIRES 2016

AVANCE DA PROGRAMACIÓN

XUNTA DE GALICIA



SANTIAGO DE COMPOSTELA

PÓRTICO DA GLORIA

CIDADE INVITADA

FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO
BUENOS AIRES 2016

A designación de Santiago de Compostela como cidade convidada á Feira Internacional do Libro de Buenos Aires 2016, un dos principais eventos mundiais do ámbito editorial, constitúe unha oportunidade para a proxección en Buenos Aires da cultura galega e, particularmente, da nosa literatura actual e histórica.

Ser a cultura protagonista da feira nesta edición permite renovar, ao mesmo tempo, as pontes que unen a cultura galega e bonaerense. Arxentina foi un país emblemático na construción cultural de Galicia, que nutriu á súa vez o seu desenvolvemento propio coa creatividade das galegas e dos galegos exiliados e emigrados.


Algunhas das voces máis representativas de Santiago de Compostela e da Galicia de hoxe van estar representadas na feira da man dunha vintena de autores e autoras de diferentes ámbitos das letras, como a narrativa, a poesía, a dramaturxia, o ensaio e a divulgación (científica, gastronómica etc.), ademais dos editores e representantes do comercio do libro en Galicia, todos eles co labor de presentar a creatividade e a calidade do libro galego do noso tempo. As súas propostas en distintos formatos (charlas, presentacións, intervencións artísticas etc.), e en diálogo con distintas voces arxentinas, serán o cerne da programación que se desenvolverá durante as tres semanas que dura este evento. Paralelamente, programaranse exposicións, proxeccións audiovisuais e un conxunto de actuacións en distintos espazos culturais da cidade que impregnarán de cultura galega (actual e histórica) a axenda cultural de Buenos Aires.

A Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, coa colaboración do sector editorial e das principais entidades culturais de Galicia, desenvolverán esta programación cultural na Feira Internacional de Buenos Aires 2016 para lograr estes obxectivos.



AUTORAS E AUTORES CONVIDADOS

Manuel Rivas • Domingo Villar • Xavier Queipo • María Sotar • Yotanda Castaño • Miguel Anxo Fernán Vello • Fina Casalderrey • Pedro Feijoo • Leticia Costas • Xaquín del Valle-Inclán • Diego Ameixeiras • Teresa Moure • Cesáreo Sánchez • Chus Pato • Xesús Alonso Montero • Víctor F. Freixanes • Ramón Villares • María Meijide • Xavier Alcalá • Luís González Tosar • Elena Gallego • Clara Gayo • Antón Lopo • Marcelino Agís • Benigno Campos • José Edelstein • Jorge Mira



Fotografías

1. Xosé Abad
5. Pedro Castro
8. Paula Gomes del Valle
13. Anxo Cabada
18. NifuNifa

PROGRAMACIÓN DA
DELEGACIÓN GALEGA
FEIRA INTERNACIONAL
DO LIBRO DE BUENOS AIRES

2016

ABRIL

Martes 19 a venres 21

Xornadas profesionais

Coa participación das editoriais galegas **Galaxia**, **Alvarellos**, **KNS** e **Nova Galicia Edicións**

Xoves 21

18:00 **Inauguración oficial da 42ª Feira Internacional do Libro de Buenos Aires**

Lugar: Sala Jorge Luis Borges

21:00 **Inauguración e presentación pública do stand de Galicia**

Lugar: Stand

Venres 22

10:00 **Diálogos co alumnado: Leticia Costas**

Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol

As voces máis actuais da literatura galega achéganse a través de distintos encontros ao alumnado do Instituto Santiago Apóstol. Abre a serie de diálogos a escritora Leticia Costas, autora de *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014), libro co que gañou o Premio Merlín e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Ademais da boa acollida entre os lectores, foi incluído na listaxe de honra do IBBY.

17:00 **Santiago de Compostela e a cultura galega** **Conferencia**

Relator: **Román Rodríguez** (conselleiro de Cultura e Educación da Xunta de Galicia)

Lugar: Stand

18:00 **Luis Seoane na Arxentina** **Coloquio**

Participan: **Silvia Dolinko**, **irmáns Leirado** e **Víctor F. Freixanes**

Lugar: Stand

Conversa ao redor da figura do pintor Luis Seoane, unha das principais iconas de Galicia, e a súa relación coa Arxentina, o país no que naceu e a onde se exiliou. Na cidade de Buenos Aires, Seoane desenvolveu un intenso labor político, cultural e intelectual marcado polo compromiso coa terra que se viu obrigado a deixar.

18:30 **A literatura galega como produto cultural contra-poder** **Conferencia**

Relatora: **Teresa Moure**

Lugar: Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina

A literatura galega como produto cultural contra-poder, confeccionado sobre unha lingua que vive con respiración asistida, o que obriga a unha serie de decisións conscientes por parte de quen escribe e condiciona a lectura final, outorgándolle unha condición inequivocamente transgresora. A autora non pretende tanto unha visión obxectiva e neutra como explicar a súa propia experiencia como escritora e contribuír ao debate cun relato de parte, voluntariamente subxectivo.

- 19:00** **Francisco Luis Bernárdez. Poeta de fe, leal a Galicia (Centro PEN Galicia)**
Presentación do libro + proxección audiovisual + coloquio
 Participan: **Luís González Tosar** (autor e presidente do Centro PEN Galicia), **Antonio Requeni** (escritor e académico da Academia Argentina de Letras) e **José Luis Moure** (presidente da Academia Argentina de Letras)
 Lugar: Stand
- Conversa sobre o escritor e xornalista de orixe arxentina e ascendencia galega, que se acompañará da proxección do audiovisual *Francisco Luis Bernárdez, un discurso porteño encol do idioma galego*, realizado por Xan Leira. Francisco Luis Bernárdez (Buenos Aires, 1900-1978) residiu algúns anos en Galicia. Da súa avoa aprendeu a lingua galega, idioma no que deu os seus primeiros pasos como escritor. Participou activamente da acción cultural e política na Arxentina ao pé da colectividade emigrante e exiliada. A súa fidelidade e identidade galega foi constante e permanente na súa vida.
- 19:30** **Dúas letras**
Proxección audiovisual + coloquio
 Participan: **Victor F. Freixanes** (editor) e **Fina Casalderrey** (autora)
 Lugar: Centro Galicia
- Curtametraxe que narra a historia dunha muller que espera carta do seu fillo emigrado na Arxentina nos anos cincuenta. Na conversa posterior, abordarase como naceu esta historia e o que significou para a escritora Fina Casalderrey traballar cunha muller de 82 anos como protagonista, súa nai. E como a curtametraxe (premio á mellor curta de ficción no Festival Primavera do Cine de Vigo e no Festival de Cans) se converteu en libro.
- 19:30** **Presentación do Mapa Literario de Compostela dentro do ciclo Compostela Colateral**
 Presenta: **Branca Novoneyra** (concelleira de Acción Cultural de Santiago de Compostela)
 Lugar: Librería Eterna Cadencia
- Unha iniciativa destinada a resaltar a transcendencia literaria de Santiago. Un cadro invisible aos ollos de hoxe, que pretende valorizar a cara dunha Compostela agochada, oculta na memoria das follas encadernadas e nas vivencias dos autores. Desde a pensión de Cunqueiro e Fole ou a casa de Murguía e Rosalía ata os talleres da Editorial Nós ou o Hotel Suizo onde se hospedou Lorca. CompostelaLiteraria.com
- 20:00** **A Asociación Galega de Editores**
Presentación
 Participan: **Laura Rodríguez** (presidenta da AGE), **Henrique Alvarellos** e **Benigno Paz**
 Lugar: Stand
- O traballo editorial materializa a creatividade e xera valor engadido e riqueza nas comunidades. A Asociación Galega de Editores está formada por 42 empresas radicadas en Galicia e que xuntas representan o 90% da facturación da edición galega.
- 20:30** **O último día de Terranova (Ed. Xerais)**
Lectura e presentación do libro
 Autor: **Manuel Rivas**
 Lugar: Sala Leopoldo Lugones - Pabellón Amarillo
- A librería Terranova é un lugar diferente no planeta Terra, habitada por libros e almas, un escenario de amores e resistencia, un refuxio de naufragos da vida, un santuario de animais, un lugar de memoria e emoción, onde de súpeto aparece no escaparate o letreiro da liquidación total de existencias por peche inminente...
- 22:00** **Recepción oficial na Embaixada Española**
 Lugar: Avenida Presidente J. Figueroa Alcorta 3102

Sábado 23

11:00-21:00

Buenos Aires celebra Galicia. A nosa Cultura

Lugar: Avenida de Mayo entre Bolívar e Chacabuco

Terceira edición deste encontro cívico organizado pola comunidade galega e o Goberno porteño. Como xa é costume, desenvolverase ao longo da Avenida de Mayo e nesta ocasión estará dedicado ás letras galegas, a evocar e a destacar a creatividade literaria e cultural galega.

12:00

Eduardo Blanco Amor Inauguración da exposición

Lugar: Usina del Arte

Á par do seu labor como escritor e xornalista, Eduardo Blanco Amor desenvolveu toda a súa vida unha intensa actividade como fotógrafo, unha ollada creativa que se recolle nesta exposición da Editorial Galaxia.

17:00

A obra de Domingo Villar Conversa co autor

Participan: **Domingo Villar** acompañado de **Claudia Piñeiro**

Lugar: Stand

18:00

Festival Internacional de Poesía Programa oficial da Feira

Participa: **Chus Pato**

18:00

Os galegos na fundación da Feira do Libro de Buenos Aires Coloquio

Participan: **M^a Esther Vázquez** e **Marta Díaz**

Lugar: Stand

19:00

Escarlatina, a cociñeira defunta (Ed. Xerais) Presentación do libro

Participa: **Ledicia Costas** (autora, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil)

Lugar: Stand

Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulles aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario, que coincide co Día de Defuntos, a festa dos mortos. Nese día tan especial recibiu un megasusto, un agasallo moi singular, un cadaleito acompañado dun sobre negro cunhas instrucións...

20:00

Dúas letras (Ed. Galaxia) Presentación do libro e do audiovisual

Participa: **Fina Casalderrey** (autora)

Presenta: **Víctor F. Freixanes** (editor)

Lugar: Stand

Áurea, a protagonista da curtametraxe, é unha anciá que camiña polos rueiros da súa aldea con pasos de elefanta ferida. Na memoria leva tatuada a ausencia do seu fillo emigrado á Arxentina. Un relato de amor e distancia cheo de humor e tenrura, a crónica dun tempo non tan distante.

20:00

Ostracia Lectura performática da novela dentro do ciclo Compostela Colateral

Participa: **Teresa Moure** (autora)

Lugar: Auditorio do Centro Cultural Matienzo

20:00

Presentación do Mapa Literario de Compostela dentro do ciclo Compostela Colateral

Presenta: **Branca Novoneyra** (concelleira de Acción Cultural de Santiago de Compostela)

Lugar: Sala Haroldo Conti - Pabellón Amarillo

Unha iniciativa destinada a resaltar a transcendencia literaria de Santiago. Un cadro invisible aos ollos de hoxe, que pretende valorizar a cara dunha Compostela agochada, oculta na memoria das follas encadernadas e nas vivencias dos autores. Desde a pensión de Cunqueiro e Fole ou a casa de Murguía e Rosalía ata os talleres da Editorial Nós ou o Hotel Suizo onde se hospedou Lorca. CompostelaLiteraria.com

Domingo 24

16:00 **Novas pontes literarias**
Diálogo de escritores galegos e arxentinos
Participa: **Ledicia Costas** (escritora)
Organiza: Sociedad de Escritores y Escritoras de la Argentina
Lugar: Sala Faustino Sarmiento - Pabellón Blanco

16:00 **Revista Cuadrante**
Presentación
Participa: **Xaquín del Valle-Inclán**
Presenta: **María del Carmen Porrúa**
Lugar: Stand

Revista cultural promovida pola Asociación Amigos de Valle-Inclán que neste 2016, coincidindo co 150º aniversario do nacemento do escritor, se centra na paisaxe humana e xeográfica máis próxima a Valle. O recente número 31 de *Cuadrante* contén artigos de Micaela Amadió e María Belén Bernardi, da Universidade Nacional de Rosario, que estudan a presenza de Valle-Inclán nesta cidade en 1910; Mirtha Laura Rignoni, da Universidade de Buenos Aires, analiza a representación de *Los cuernos de don Friolera* na capital arxentina; Rodolfo Cardona, Universidade de Boston, a historia das estreas e a súa recepción; José María Paz Gago, da Universidade da Coruña, estuda o teatro de Valle-Inclán en Italia; e Carlos Gegúndez López, da mesma institución, as relacións con Prudencio Canitrot; Xaquín del Valle-Inclán Alsina expón os problemas de variantes textuais debidos ao emprego das letras capitulares.

17:00 **Uma mãe tão punk / Una madre tan punk (Ed. Chiado)**
Presentación do libro
Participa: **Teresa Moure** (autora)
Lugar: Stand

Unha cidade calquera, unha familia como todas, cos seus receos, as súas alianzas indestrutibles, un pasado común e varios segredos por revelar. Sara, a nai septuaxenaria, padece síndrome de Díoxenes e a súa vida, aos poucos, envólvese no lixo. Pero non sempre é unha doenza mental o que empuxa á vellez cara a ese desexo perverso pola inmundicia. Alba, a súa filla, escíbelle, entre amante e amante, correos electrónicos desde África do Sur, o seu último destino de viaxe. Pedro, o seu fillo, refúxiase no silencio e as convencións sociais. E será Elena, a compañeira de Pedro, quen teña que tirar do fío para entender as razóns ocultas que conducen a un final trágico.

18:00 **Festival Internacional de Poesía**
Programa oficial da Feira
Participan: **Yolanda Castaño** e **Luís González Tosar**

18:00 **Un animal chamado néboa (Ed. Xerais)**
Presentación do libro
Participa: **Ledicia Costas** (autora)
Lugar: Stand

A capacidade de resistencia á dor física ou psicolóxica non se pode medir. Tampouco o grao de maldade que pode chegar a concibir o ser humano. No escenario da II Guerra Mundial tiveron lugar episodios tan estarrecedores e crueis que algúns deles resultan imposibles de dixerir. *Un animal chamado néboa* é un libro de relatos onde a ficción se constrúe a partir de diferentes acontecementos sucedidos durante o conflito bélico. Un pulso crítico á condición humana.

- 19:00** **Francisco Gil: libreiro maior de Buenos Aires**
Audiovisual
 Participa: **Xan Leira** (autor)
 Lugar: Stand
- Francisco Gil e a librería El Ateneo foron, durante unha gran parte do século XX, referentes da vida literaria arxentina e latinoamericana. As inxerencias persoais e a alta profesionalidade de Gil convérteno nun innovador da comercialización e da promoción editorial. A súa iniciativa Primavera de las Letras foi a orixe da primeira Feira do Libro de Buenos Aires.
- 19:00** **II Recital La poesía al servicio de la verdad: por la paz de Latinoamérica**
 Participan: **Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Luís González Tosar e Cesáreo Sánchez**
 Organiza: Federación de Asociaciones Gallegas de Argentina
 Lugar: Teatro Bambalinas da Federación de Asociaciones Gallegas de Argentina
- Participan os poetas galegos Manuel Rivas, Luís González Tosar, Cesáreo Sánchez, Yolanda Castaño e o poeta arxentino Antonio Requeni, entre outros, xunto cos cantautores César Isella, Enrique Llopis e Lorena Lorea. Será a reedición do histórico recital *La poesía al servicio de la verdad*, realizado no Teatro Bambalinas no ano 1947 con motivo da loita antifranquista.
- 20:00** **A que altura está o ceo? (Ed. Alvarellos)**
Presentación do libro
 Participa: **Jorge Mira** (autor)
 Presentan: **Alberto Rojo e Henrique Alvarellos**
 Lugar: Stand
- Velaquí unha das preguntas que leva formulando o ser humano desde os albores da súa existencia. O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo desde a época da Grecia clásica ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo. O acto será presentado por Alberto Rojo, músico, escritor e científico. Profesor na Oakland University en Michigan, analiza aspectos da física no baloncesto para a NBA.

Luns 25

- 10:00** **Diálogos co alumnado: Entrega do premio literario Rosa dos Ventos a Manuel Rivas**
 Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol
- Este galardón, concedido anualmente polo alumnado do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Buenos Aires, reconece o labor do escritor coruñés en defensa da cultura e a lingua galegas. O xurado do premio salientou non só os valores estritamente literarios da súa obra, senón tamén o permanente compromiso cívico do autor de *O lapis do carpinteiro*. O alumnado do centro faralle entrega do premio.
- 10:30** **16º Foro internacional de enseñanza de ciencias y tecnologías**
Conferencia: A que altura está o ceo?
 Relator: **Jorge Mira**. Universidade de Santiago de Compostela
 Presenta: **María Cristina Álvarez**
 Lugar: Sala J. Hernández - Pabellón Rojo
- Posiblemente un homínido dunha especie anterior á nosa levantou a cabeza cara ao ceo estrelado, esa bóveda que cobre as nosas cabezas, e fíxose esa pregunta. Darlle unha resposta implicou a resolución de moitas etapas intermedias, ata chegar a unha meta que só se acadou nos nosos días.
- 17:00** **A Cátedra Galicia-América da Universidad Nacional de San Martín**
Presentación
 Participan: **Manuel Rivas** e representantes da Universidade
 Lugar: Stand

- 18:00** **Diálogo de autores argentinos e galegos**
Presentación da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Sociedad de Escritores y Escritoras de la Argentina (SEA)
 Participan: **Cesáreo Sánchez** (presidente da AELG) e **Graciela Aráoz** (presidenta da SEA)
 Lugar: Stand
- Os presidentes das asociacións de escritores e escritoras de Galicia e Arxentina compartirán as inquedanzas das dúas entidades e as ferramentas de traballo e interconexión entre os profesionais das palabras. Dúas visións desde as dúas beiras do Atlántico.
- 19:00** **Historia de Galicia (Ed. Galaxia)**
Presentación do libro
 Participa: **Ramón Villares** (autor do libro e presidente do Consello da Cultura Galega)
 Presenta: **Víctor F. Freixanes**
 Lugar: Stand
- Galicia é unha nación-cultura, en palabras deste historiador. "Unha forma que voa", escribía Álvaro Cunqueiro en 1931. "Luz e cultura de Occidente", defínea Ramón Otero Pedrayo. As súas xentes, forzadas á emigración, participaron activamente na construción das grandes nacións da América Latina. Inclúe un capítulo especial dedicado ao Buenos Aires galego.
- 19:00** **Encontro cos lectores: Fina Casalderrey**
Dúas letras (Ed. Galaxia). Presentación do libro e audiovisual
 Lugar: Biblioteca Guido y Spano
- Mestra agora xubilada e membro numerario da Real Academia Galega, Fina Casalderrey é unha das escritoras máis importantes da historia da literatura infantil e xuvenil galega. A autora presentará a historia da protagonista do libro e da curtametraxe *Dúas letras*, unha anciá que camiña polos rúes da súa aldea con pasos de elefanta ferida, que leva tatuada na memoria a ausencia do seu fillo emigrado á Arxentina.
- 19:00** **Encontro cos lectores: Domingo Villar**
 Coordina: **Juan Carrá**
 Lugar: Biblioteca Casa de la Lectura
- O creador do singular inspector Leo Caldas é hoxe un dos máis importantes escritores de novela negra en España. A súa obra, que el mesmo traduciu ao español, tamén pode lerse en inglés, francés, alemán, italiano, ruso, checo, noruegués, hebreo, polaco, holandés, búlgaro ou sueco.
- 20:00** **Encontro cos lectores: Leticia Costas**
 Coordina: **Vanesa Greco**
 Lugar: Biblioteca Guido y Spano
- Unha oportunidade para coñecer de preto a autora do libro *Escarlantina, a cocíñeira defunta* (2014), Premio Merlín e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, incluído tamén na lista de honra do IBBY. Baixo o acrónimo Pereledi, asinou diversas obras co tamén narrador Pere Tobaruela. Aínda por saír está *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante*, historia coa que obtivo o prestixioso Premio Lazarillo en 2015.
- 20:00** **Poesía escrita por mulleres**
Coloquio
 Participan: **Chus Pato** e **Yolanda Castaño**
 Lugar: Stand
- Dúas voces femininas contemporáneas dialogan sobre a poesía feita por mulleres en Galicia. Achegarán claves e contexto nunha revisión das principais figuras femininas na poesía escrita en Galicia, desde Rosalía de Castro a Lupe Gómez.
- 20:30** **Por que a noite é escura?**
Conferencia de divulgación científica
 Relator: **José Edelstein**. Universidade de Santiago de Compostela
 Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo
- Na escuridade da noite cífranse moitas máis respostas das que cabería imaxinar. A negra bóveda estrelada fálanos, como albiscou Edgar Allan Poe, dun Universo que non é eterno. E un fulgor case invisible revela pormenores do seu nacemento, o Big Bang, e dun futuro no que o tantas veces cantado "que quede o infinito sen estrelas!" podería converterse nunha realidade inexorable.

Martes 26

- 10:00 Diálogos co alumnado: Yolanda Castaño**
Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol
- Guionista e presentadora de televisión, comisaria de mostras de arte e poesía, autora, tradutora e ensaísta, a súa escrita está vertida a unha vintena de idiomas. Yolanda Castaño será recibida polo alumnado deste centro educativo creado para propagar e soste unha educación baseada nos principios biculturais arxentinos e galegos.
- 10:45 16º Foro internacional de enseñanza de ciencias y tecnologías**
Conferencia: O Universo de Albert Einstein
Relator: **José Edelstein**. Universidade de Santiago de Compostela
Presenta: **Adriana López Figueroa**
Lugar: Sala J. Hernández - Pabellón Rojo
- A teoría da relatividade xeral é unha obra cumio na historia do pensamento. Tras un século da súa formulación, a detección de ondas gravitacionais que viaxaron 1.300 millóns de anos antes de chegar a nós por parte do experimento LIGO supuxo unha confirmación definitiva, por riba das expectativas máis optimistas que o propio Albert Einstein puidese albergar. Compartiremos os aspectos básicos desta teoría, as súas predicións máis sorprendentes e os seus posibles límites.
- 12:00 Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)**
Inauguración da exposición
Participan: **Ramón Villares** e **Xaquín del Valle-Inclán**
Lugar: Centro Cultural General San Martín
- Con esta mostra preténdese difundir un trazo pouco atendido da obra de Valle-Inclán, que é a internacionalización da súa obra. Pero este proxecto expositivo tamén realiza un balance dos estudos valleinclanianos, feito por estudosos actuais da súa obra, achegando nova información sobre a relación deste autor con Galicia.
- 14:30 Homenaxe a Valle-Inclán**
18:00 Conferencia inaugural a cargo de Xaquín del Valle-Inclán
Manuel Rivas
Lugar: Teatro Castelao - Centro Gallego
- Considerado un dos escritores principais da literatura do século XX, o dramaturgo, novelista, poeta, ensaísta e xornalista galego destacou en todos os xéneros que cultivou e foi artífice dunha profunda renovación do teatro e da novela. O seu legado literario chega a Buenos Aires coincidindo co 150 aniversario do seu nacemento.
- 17:00 Diálogo de autores arxentinos e galegos**
Diálogo entre o Centro PEN Galicia e o Centro PEN Argentina
Participan: **Luis González Tosar** (presidente do Centro PEN Galicia), **Luisa Valenzuela** (presidenta do Centro PEN Argentina) e outros membros do Centro PEN Argentina
Lugar: Stand
- O PEN Internacional é a sociedade mundial de escritores e xornalistas que loita pola liberdade de expresión, os dereitos lingüísticos e a paz. Reúne no seu seo máis de 15.000 poetas, ensaístas e narradores e conta con 138 centros, en 98 países. Únense na FIL por primeira vez as ramas arxentina e galega deste club internacional de escritores, que celebrará o seu 83º congreso mundial en Ourense do 26 de setembro ao 2 de outubro de 2016.
- 18:00 Cátedra Libre de Estudios Gallegos Alfonso R. Castelao**
Conferencia
Relatora: **Graciana Vázquez Villanueva** (titular da Cátedra)
Lugar: Stand
- 19:00 Borges en Santiago de Compostela**
Conferencia
Relatora: **Mª Esther Vázquez**
Presenta: **Anxo Lorenzo** (secretario xeral de Cultura)
Lugar: Stand

20:00 **A universidade pública publica**
Presentación da Biblioteca de Divulgación-Serie Científica da Universidade de Santiago de Compostela
Participan: **Jorge Mira, José Edelstein e Andrés Gomberoff**
Presenta: **Diego Golombek**
Lugar: Stand

O primeiro volume da Biblioteca de Divulgación, gañador do XVIII Premio Nacional de Edición Universitaria en España, será presentado polos seus autores. Creada no 2011, e codirixida polos profesores e divulgadores científicos Francisco Díaz-Fierros e Jorge Mira, a Biblioteca de Divulgación-Serie Científica publica textos que, se ben son resultado da máis rigorosa investigación en cada campo, están presentados de forma divulgativa, á vez que amena, áxil e mesmo divertida.

20:30 **O Códice Calixtino, o Camiño de Santiago e a construción de Europa**
Conferencia
Relator: **Ramón Villares** (historiador e presidente do Consello da Cultura Galega)
Presenta: **Víctor F. Freixanes**
Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

Mércores 27

10:00 **Galicia imaxinada nas revistas da emigración**
Presentación da exposición
Participan: **Ramón Villares e Sylvia Pulpeiro**
Lugar: Centro Galicia

12:00 **Camilo José Cela no seu centenario**
Inauguración da exposición
Lugar: Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales (UCES) (Libertad 926 / Sede Paraguay 1318)

17:00 **Cheiro de choiva (Ed. Barbantesa)**
Presentación do libro
Participa: **Rodolfo Alonso González** (autor)
Presenta: **Luis González Tosar**
Lugar: Stand

Escribiu X. L. Méndez Ferrín sobre o autor no prólogo deste libro: “Nado en Bos Aires no seo dunha familia cuxos xenitores eran galegos, falantes do galego e lectores de Rosalía, Rodolfo Alonso veu producindo poesía en clave de orixinalidade e fondura silenciosa por veces estarrecedora. Os poemas escritos por el no noso idioma non só non están á *marxe* senón que figuran no *centro* de sentido e de significado da súa obra, do mesmo modo que o noso idioma e a memoria da Galicia percibida a través das vidas non vividas por el do pai e da nai semellan ser unha das experiencias nucleares do home e do poeta Rodolfo Alonso.”

18:00 **Emigrantes galegos, transportes e remesas (1830-1930) (Ed. Fundación Barrié. Colección Galicia Exterior do Consello da Cultura Galega)**
Presentación do libro
Autor: **Alexandre Vázquez González**
Participan: **Alicia Bernasconi e Alejandro Fernández**
Lugar: Stand

A emigración foi o tema principal de toda a traxectoria intelectual de Alexandre Vázquez. No ano 2000 presentaba a súa tese de doutoramento *La emigración gallega a América (1830-1930)*. Esta publicación recolle o núcleo principal daquela investigación, que a Fundación Barrié edita na colección *Galicia Exterior*, do Consello da Cultura Galega.

19:00 **Querido Tomás**
Presentación do audiovisual
Presenta: **Fina Casalderrey**
Lugar: Stand

Curtametraxe protagonizada pola actriz galega Uxía Blanco, a partir da novela *Querido Tomás* do insigne escritor galego (e "arxentino" e "cubano") Xosé Neira Vilas, que tamén fai na curta un pequeno papel. Os exteriores da curta foron rodados nos auténticos escenarios que describe a novela, nas Insuas de Ponte Ledesma, en Gres (Vila de Cruces, Pontevedra), onde naceu e morreu o egregio escritor.

20:00 **Teño uns pés perfectos (Ed. Kalandraka)**
Presentación do libro
Participa: **María Solar** (autora)
Lugar: Stand

Aspirante a ser "o neno máis listo", Melchor terá que demostrar os seus coñecementos sobre os pés. Un libro dentro doutro libro con sorprendentes descubertas sobre esta parte tan importante —e pouco coñecida— do noso corpo.

20:30 **Editorial Mar Maior**
Presentación do selo literario
Participan: **Víctor F. Freixanes, Xavier Alcalá, María Rosa Lojo, Ramón Villares e Xesús Alonso Montero**
Lugar: Sala Javier Villafañe – Pabellón Amarillo

O director Víctor F. Freixanes, acompañado de varios autores, presenta Mar Maior, unha nova xanela galega aberta ao mundo. Este selo literario é fillo de Galaxia, editorial que conta con máis de 50 anos de historia e un fondo editorial de 2.000 volumes, entre os que están as obras máis representativas da literatura galega.

Xoves 28

10:00 **Diálogos co alumnado: Jorge Mira**
A loita do ser humano para comprender as dimensións do universo
Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol

Ten o Universo un tamaño que se poida medir? A resposta a esa pregunta foi un dos meirandes retos científicos do ser humano ao longo da historia. As primeiras respostas fundamentadas cientificamente déronse na Grecia clásica, pero tan só foron o inicio dunha carreira apaixonante que, século tras século, foi rachando plusmarcas ata o día de hoxe.

12:00 **Ingreso na Academia Argentina de Letras do escritor galego-arxentino Luís González Tosar**
Acto literario
Lugar: Academia Argentina de Letras – Sala Lugones

17:00 **Rosalía de Castro**
Recital poético
Participa: **Yolanda Castaño**
Lugar: Stand

Unha das poetas contemporáneas galegas máis destacadas recolle na súa voz os versos da figura feminina fundamental das letras galegas. Yolanda recita a Rosalía.

18:00 **Castelao na Arxentina**
Coloquio
Participan: **Víctor F. Freixanes** (editor) e **Xesús Alonso Montero** (presidente da Real Academia Galega)
Lugar: Stand

Dous grandes referentes da literatura galega reflexionan sobre Castelao, pai do nacionalismo galego, e o seu exilio na Arxentina. Aquí continuou traballando sobre o seu libro *Sempre en Galiza* e sobre a edición de *As cruces de pedra na Galiza*, na ilustración dos libros infantís da Colección Billiken e na organización e concienciación do amplísimo colectivo galego no ideario galeguista.

19:00 **Entrega dos premios do concurso literario Galicia entre nosotros**
Participan: **Xesús Alonso Montero** (presidente da Real Academia Galega) e **José Luis Moure** (presidente da Academia Argentina de Letras)
Organiza: Academia Argentina de Letras coa colaboración da Xunta de Galicia
Lugar: Stand

20:00 **Dragal, unha saga fantástica de tradición xacobeá (Ed. Xerais)**
Presentación da obra
Participa: **Elena Gallego** (autora)
Lugar: Stand

Chega Dragal. Chegan os mundos de aventura e fantasía nos que as vellas lendas e ritos ao redor da mítica figura do dragón cobran nova vida para engaiolar lectores de toda idade. A autora mergúllase na tradición xacobeá, que vencella a orixe de Santiago de Compostela á existencia dun dragón no Pico Sacro, para crear unha historia fantástica do século XXI que tece pontes entre realidade e mitoloxía. Esta saga foi xa traducida ao castelán, inglés e catalán e a produtora Ficción Producciones está a traballar nun ambicioso proxecto crossmedia que a levará ao cinema, ao cómic e ao videoxogo. www.dragal.info

20:00 **Eliseo Pulpeiro: As letras galegas entre dúas ribeiras (Ed. Consello da Cultura Galega)**
Presentación do libro
Participan: **Ramón Villares** e **Sylvia Pulpeiro**
Lugar: Centro Galicia

Biografía do ribadense, emigrado á Arxentina, Eliseo Pulpeiro, fundador e director literario de *Céltiga*, unha das máis importantes revistas da emigración galega en América. Grazas ao traballo de recuperación de dúas persoas, a súa filla Sylvia Pulpeiro e o investigador ribadense Pablo Rodríguez, compílase unha nutrida representación dos seus escritos en prosa e en verso. Un escritor tenaz que teceu unha ponte entre o Río da Prata, polo que navegou, e o río Eo, no que se criou.

20:30 **En defensa e ilustración da Segunda República española nos anos da Guerra Civil (1936-1939) (Ed. Mar Maior)**
Presentación do libro
Participa: **Gregorio Ferreiro Fente** (editor literario)
Presentan: **Xesús Alonso Montero** e **Francisco Lores**
Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

Nesta obra exhúmanse case 100 textos que Eduardo Blanco Amor publicou durante o período da Guerra Civil no semanario *Galicia*, órgano da Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina.

Venres 29

17:00 **Cartas de un condenado a muerte. Los últimos días en prisión en 1936 y 1937 del republicano gallego José Mejuto (Ed. Alvarellos)**
Presentación do libro
Participan: **Olivia Rodríguez González** (editora literaria), **Xesús Alonso Montero** e a propia neta de José Mejuto, **Ana Paula Mejuto**
Lugar: Stand

Un testemuño único, conmovedor, da Guerra Civil española. Trinta e catro cartas escritas, entre outubro de 1936 e xuño de 1937, nos cárceres de Vigo, San Simón e Pontevedra polo preso republicano galego José Mejuto Bernárdez (1905-1937). Custodiadas na Arxentina pola súa muller e a súa neta, e depositados os orixinais desde 2015 na Real Academia Galega, ven agora a luz por vez primeira nunha edición ao coidado de Olivia Rodríguez que conta coa participación de Eduardo Galeano, Xesús Alonso Montero e da propia neta de José Mejuto, Ana Paula Mejuto.

18:00 Lecturas compostelanas

Participa: **Clara Gayo**

Lugar: Stand

Esta actriz e autora selecciona anacos da literatura en, con e para a cidade convidada: Santiago de Compostela, e compárteos co público dunha maneira orixinal.

19:00 O audiovisual galego na actualidade

Conferencia

Relatora: **Dolores Meijomín**

Lugar: Stand

19:30 O tempo das mareas. María Casares e Galicia (Ed. Consello da Cultura Galega)

Presentación do libro

Autora: **María Lopo**

Participan: **Ramón Villares** e **Xesús Alonso Montero**

Lugar: Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina

María Victoria Casares Pérez naceu fronte ao mar da Coruña en 1922. As guerras e os exilios conducírona a Francia, onde se converteu en María Casares, unha das grandes actrices europeas do século XX. *O tempo das mareas* percorre a súa vida desde unha óptica galaica, achegando datos e materiais inéditos sobre a infancia coruñesa, a adolescencia madrileña, a xuventude exiliada e a madurez plena dunha das personalidades culturais máis interesantes e descoñecidas da Galicia contemporánea.

20:00 Literatura infantil e xuvenil en Galicia

Conversa

Participan: **María Solar** e **Elena Gallego**

Lugar: Stand

O futuro da literatura galega está asegurado da man dos novos autores. As claves do seu éxito editorial? Asasinatos, humor, pés perfectos e dragóns. Deixemos que se expliquen.

20:30 El libro de las Siniguales y del único Sinigual (Ed. Mar Maior)

Presentación do libro

Participan: **Víctor F. Freixanes**, **María Rosa Lojo** e **Leonor Beuter**

Lugar: Sala Leopoldo Lugones – Pabellón Amarillo

21:00 Galicia convida a Buenos Aires. Cultura e gastronomía

Recepción

Lugar: Stand

Sábado 30

17:00 A imaxe Reb/Velada (Miramemira)

Proxección do documental

Presenta: **Andrea Vázquez** (directora) e **Mª Esther Vázquez** (escritora e presidenta da Fundación Victoria Ocampo)

Lugar: Stand

No 2008, un familiar afastado ponse en contacto con Carmen e Toño tras 40 anos de silencio. Na familia quedara o recordo de Baldo Pestana, pola visita realizada no ano 67. Unha viaxe a Galicia para reencontrarse co lugar onde naceu e que tivo que abandonar con tan só catro anos. O que viviu despois quedou como unha incógnita para a familia. No 2008 Baldo regresa a Galicia con 90 anos. Entre longas conversas, Carmen, Toño e Baldo van revelando toda unha vida, resignificándoa a través da literatura, a fotografía e a pintura e pechando o círculo dunha gran viaxe.

- 18:00** **Letras galegas, letras argentinas**
Presentación do libro
Participan: **Xesús Alonso Montero** (presidente da Real Academia Galega) e **José Luis Moure** (presidente da Academia Argentina de Letras)
Lugar: Stand
- O profesor Xesús Alonso Montero (catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e presidente da Real Academia Galega) examina tres capítulos moi importantes da relación entre creadores literarios dun e doutro país protagonizados por Mony Hermelo, Eduardo Jorge Bosco e Francisco Luis Bernárdez.
- 19:00** **El Danubio no pasa por Buenos Aires (Ed. Ézaro)**
Presentación do libro
Participa: **Marcelino Fernández Mallo** (autor)
Lugar: Stand
- A historia dun mozo galego que quixo ser arxentino. Alumno de historia na Universidade de Santiago, concéntrase nas clases que imparte o profesor Juan Carlos Rubido. Entre profesor e alumno establécese unha convulsa relación de desafío e dependencia mutua que termina saltando polos aires antes de concluír o curso. Esta obra é tamén a crónica dunha paixón entre dúas cidades, Santiago de Compostela e Buenos Aires, durante a cal os medos e as circunstancias colaterais se impoñen cruelmente ás vontades.
- 20:00** **Meu corpo, meu libro**
Lectura dramatizada con imaxes de Clara Gayo dentro do ciclo Compostela Colateral
Participa: **Clara Gayo**, acompañada de **Antón Lopo**
Lugar: Stand
- Obra que xorde da exploración tanto no campo da escritura dramática como no audiovisual, onde as imaxes actúan como acompañamento semántico dos textos. Ofrécese discurso puro sen concretar a personaxe. Incluso se dubida da existencia do personaxe.
- 20:00** **Acto do Instituto Argentino de Cultura Gallega**
Mantedor: **Luis González Tosar**
Lugar: Sala Jorge Luis Borges – Pabellón Frers
- Advento. Manuel María (Ed. Consello da Cultura Galega)**
Presentación da edición facsimilar e conmemorativa das Letras
Presenta: **Ramón Villares** (presidente do Consello da Cultura Galega)
Lugar: Sala Jorge Luis Borges – Pabellón Frers

MAIO

Domingo 1

18:00

Caligrafía da tormenta. Antoloxía

Participa: **Antón Lopo**

Presenta: **Clara Gayo**

Lugar: Stand

Presentación dunha antoloxía de poemas orais, que recolle o traballo do poeta Antón Lopo desde *Ao outro extremo do paraíso* ata *Lampíricos*. Os poemas, na voz do propio autor.

19:00

Al sur del mundo (Ed. Ézaro)

Presentación do libro

Participa: **Xavier Alcalá** (autor)

Lugar: Stand

Esta tradución de *Alén da desventura*, Premio Blanco Amor de narración longa, recolle os relatos dun mariño inglés, cuxo pseudónimo é Isaac Moore, e dun misioneiro español, o padre Sineiro. A eles xúntase a voz dun narrador innominado e entre todos achegan o lector ás intrigas e ás aventuras do seu tempo, por mares e terras ignotas na época da Ilustración.

20:00

A memoria da choiva (Ed. Xerais)

Presentación do libro

Participa: **Pedro Feijoo** (autor)

Lugar: Stand

Cando Xosé Carneiro, coñecido psicanalista e polémico colaborador televisivo, aparece co peito aberto no seu piso da compostelá rúa República do Salvador son dúas as cousas que chaman a atención do xornalista Aquiles Vega e da profesora Sofía Deneb. A primeira é a violencia extrema coa que o crime foi levado a cabo. A segunda, ese detalle que non encaixa na escena: unha estraña peza de ferro chantada no corazón.

20:00

Meu corpo, meu libro

Conferencia e lectura dramatizada

Participa: **Clara Gayo**

Lugar: Auditorio do Centro Cultural Matienzo

20:00

Un Borges para o século XXI

Xornadas da programación oficial da Feira

Participan: **Francisco Castro**, **M^a Esther Vázquez** e **Hugo Burel**

Coordina: **Mario Goloboff**

Lugar: Sala Leopoldo Lugones

21:00

A revista *Correo Literario* (1943-1945) e a súa repercusión nas letras argentinas

Coloquio

Participan: **Xesús Alonso Montero** e **Roberto Alifano**

Presenta: **Alejandro Vaccaro**

Organiza: Sociedad Argentina de Escritores (SADE)

Lugar: Centro Cultural Roberto Arlt

Luns 2

- 10:00** **Diálogos co alumnado: Xesús Alonso Montero**
Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol
- O presidente da Real Academia Galega visita as alumnas e os alumnos do centro educativo para lles achegar a lingua e a cultura galegas.
- 18:00** **Festival Escenas do Cambio**
Presentación do evento
Participan: **Pablo Fidalgo** (director do festival) e **Lola Arias** (creadora e escritora argentina)
Lugar: Stand
- Escenas do Cambio é un festival dedicado ao teatro, á danza e á arte en acción que se celebra na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela. A política, o compromiso da arte ou a realidade social son algunhas das temáticas que ofrece este festival baixo a dirección artística de Pablo Fidalgo e coa implicación do público, a experimentación e novidosas linguaxes e formatos como sinais de identidade.
- 19:00** **Son un libro galego**
Poemario oral
Participa: **Antón Lopo**
Lugar: Stand
- O poeta convértese en libro, nunha acción na que poderá participar o público, ao que lle recitará (de xeito individual) algúns textos.
- 20:30** **Novela negra en Galicia**
Coloquio
Participan: **Pedro Feijoo, Diego Ameixeiras e Elena Gallego**
Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

Martes 3

- 10:00** **Diálogos co alumnado: Elena Gallego**
Lugar: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol
- Xornalista con ampla experiencia en prensa e radio, nos últimos anos ten desenvolvido un intenso labor como narradora que a converteu nunha das voces máis destacadas do relato fantástico en Galicia. O éxito alcanzado pola súa tetraloxía *Dragal* será un dos temas que abordará xunto ao alumnado do centro.
- 17:00** **Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol**
Presentación do centro educativo
Participan: Autoridades, ex alumnos/as e alumnos/as
Lugar: Stand
- No acto de presentación do primeiro colexio galego do exterior participarán co seu testemuño ex alumnos/as e alumnos/as do centro. Actuará o seu coro escolar e proxectarase un videoclip musical baseado nun poema de Francisco Luis Bernárdez dedicado a Rosalía de Castro.
- 18:00** **Identidade, memoria e historia. Actas dos XII Encontros internacionais de filosofía no Camiño de Santiago**
Presentación do libro
Participa: **Marcelino Agís Villaverde** (autor)
Lugar: Stand
- 18:00** **Encontro cos lectores: María Meijide**
Obradoiro
Lugar: Biblioteca Casa de la Lectura
- Obradoiro de pintura dunha das artistas plásticas galegas máis destacadas. Licenciada en belas artes pola Universidade de Sevilla, as súas pezas formaron parte de exposicións en cidades como Arlés (Francia), Milán (Italia), Zacatecas (México), Bruxelas (Bélxica) ou Lisboa (Portugal). Artista multidisciplinar, nos últimos tempos ten elaborado tamén libros de autor —*Postais dende o mercado* (2014), *De Kuala Lumpur a Beijing* (2015)— e obradoiros e experiencias en distintas liñas creativas.

- 19:00** **Tres poemas dramáticos (Ed. Liliputienses)**
Presentación do libro
 Participa: **Pablo Fidalgo** (autor)
 Presenta: **Nurit Kasztelan** (poeta e editora argentina)
 Lugar: Stand
- Esta obra contén as tres últimas pezas para a escena de Pablo Fidalgo: *O estado salvaxe. Espanha 1939*, *Solo hay una vida y en ella quiero tener tiempo para construirme y destruirme* (Ciclo Panos, Culturgest Lisboa) e *Habrás de ir a la guerra que empieza hoy* (elixido mellor espectáculo do ano en Portugal polo xornal *Público*). Esta obra explora os límites dos xéneros, apostando por unha poesía antipoética e unha dramaturxia ritual.
- 19:30** **Encontro cos lectores: Diego Ameixeiras**
 Coordina: **Juan Carrá**
 Lugar: Biblioteca Casa de la Lectura
- Ameixeiras ten cultivado con asiduidade o xénero negro, onde tamén creou a súa particular versión do detective sagaz na persoa de Horacio Dopico. Como narrador estreouse con *Baixo mínimos* (2004), á que seguiron, entre outras, *Tres segundos de memoria* (2006), *Dime algo sucio* (2009), a ficción política *Asasinato no Consello Nacional* (2010), *Matarte lentamente* (2013), o retrato da precariedade de *Conduce rápido* (2014) e *A noite enriba* (2015), que lle valeron merecidos premios.
- 20:00** **Traducir os clásicos**
Coloquio
 Participan: **Xavier Alcalá** e **Xavier Queipo**
 Lugar: Stand
- 20:30** **Itinerario literario de autores galegos en Buenos Aires**
Presentación do audiovisual
 Organiza e presenta: Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol
 Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

Mércores 4

- 18:00** **Estuvimos cantando (Ed. Zona Borda) e Últimas miradas antes de partir (Ed. del Dock)**
Presentación dos libros
 Participan: **María García Campelo** e **Milagros Díaz Martínez** (autoras)
 Lugar: Stand
- Dúas obras autobiográficas que abordan as experiencias de ambas as dúas mulleres nadas en Galicia e as súas experiencias naquela terra durante as décadas de 1940 e 1950. Falan da emigración á Arxentina e da súa integración neste país.
- 19:00** **Historia do pensamento galego contemporáneo (Ed. Deputación da Coruña)**
Presentación do libro
 Participa: **Marcelino Agís Villaverde** (autor)
 Lugar: Stand
- 20:00** **Lampíricos**
Performance poética dentro do ciclo Compostela Colateral
 Participa: **Antón Lopo**
 Lugar: Salón Grande do Centro Cultural Matienzo
- 20:00** **Las aventuras del Capitán Duchesnoy (Ed. Ézaro)**
Presentación do libro
 Participa: **Xavier Queipo** (autor)
 Lugar: Stand
- O autor transpórtanos nesta obra que agora pode lerse en español á cuberta do navío *L'Épée*, no seu periplo desde Bretaña ata o Canadá. Unha expedición científica parte de Brest co fin de descubrir o ansiado Paso do Noroeste. Un relato de aventuras que contén os elementos clásicos do xénero, incluídas tempestades épicas e encontros con civilizacións descoñecidas, monstros mariños e natureza en estado puro.

20:00 **A cociña galega**
Participa: **Benigno Campos**
Lugar: Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura

O máis popular e seguido dos cociñeiros galegos, responsable dun éxito sen precedentes no mercado editorial galego. Saltou á fama a través de *Larpeiros*, o programa gastronómico da Televisión de Galicia, que seguen miles de persoas cada semana.

20:30 **Huinca Loo (Ed. Mar Maior)**
Presentación do libro
Participa: **Xavier Alcalá** (autor)
Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

Tradución ao castelán de *Nos pagos de Huinca Loo*, unha novela que converte as terras indómitas da “fronteira do Sur” en grandioso escenario novelesco. En Huinca Loo, na pampa de bafo quente, entre polbeiras, poeira, cabalos e guitarras, o fillo dun galego pioneiro na colonización daqueles inmensos desertos protagoniza unha peripecia vital marcada por difíciles dilemas.

Xoves 5

17:00 **A cociña galega**
Participa: **Benigno Campos**
Lugar: Ribadumia Casa Gallega de Cultura en Buenos Aires

17:00 **El maravilloso libro de los cuentos celtas (Ed. Atlántida Libros)**
Presentación do libro
Lugar: Stand

18:00 **A palabra une. Galicia e Arxentina**
Recital poético
Participan: **Miguel Anxo Fernán Vello** e outras voces arxentinas
Lugar: Stand

Alternancia dialéctica en clave poética entre estes dous autores, para tender pontes entre a creatividade de ambas as beiras atlánticas.

19:00 **Terzo da fala**
Presentación da agrupación
Participan: Membros da entidade
Lugar: Stand

Unha substancial aposta de alumnos e alumnas dos cursos de idioma galego de Buenos Aires pola cultura de Galicia. Así definen esta asociación os seus fundadores.

20:00 **Os Kowa**
Presentación do libro
Participa: **Xavier Queipo** (autor)
Lugar: Stand

A obra, Premio Eduardo Blanco Amor 2015, relata unha historia trepidante que se desenvolve entre Europa e a Amazonia, cun transfondo de diálogo de identidades culturais de respecto pola diversidade e pola natureza.

20:30 **Luis Seoane, muralista**
Presentación dos itinerarios
Participa: **Josefina Delgado**
Lugar: Sala Haroldo Conti – Pabellón Amarillo

21:30 **A novela negra. Resignificando o xénero**
Charla nocturna dentro do ciclo Compostela Colateral
Participan: **Diego Ameixeiras** e **Kike Ferrari**
Lugar: Sala Buenos Aires do Centro Cultural Matienzo

Venres 6

17:00

Estudos de Gumersindo Meiriño Presentación das obras

Participa: **Gumersindo Meiriño Fernández** (autor)

Lugar: Stand

18:00

Do gaitero Manuel Dopazo á música celta Coloquio

Participan: **Carlos Fernández**, do grupo Xeito Novo; **Alberto López**, do grupo Sete Netos; **Gastón Rodríguez**, guitarrista, compositor e produtor musical; **Daniel Alejandro Pazos**, músico e profesor de gaita; e **Xosé Aldea**, editor musical.

Lugar: Stand

Unha revisión da música con selo galego na Arxentina desde o gaitero Manuel Dopazo ata a música celta actual, pasando polos Hermanos Moreiras ou Los Monfortinos.

18:30

Voces galegas Conferencia

Relator: **Miguel Anxo Fernán Vello**

Lugar: Federación de Asociaciones Gallegas de Argentina

19:00

Un futuro para a literatura galega Coloquio

Participan: **Xavier Queipo** e **Diego Ameixeiras**

Lugar: Stand

Dous autores, un veterano e un novel, fronte a fronte nun diálogo que abordará os principais retos no futuro da literatura galega.

19:30

O viravai Espectáculo musical para familias

Lugar: Teatro Valle-Inclán do Centro Galicia

O proxecto orixinal (música e narración) de *As andanzas de Paio* ofrece actividades musicais lúdico-didácticas, que narran as aventuras do teixugo Paio co seu amigo Armando.

20:00

De Kuala Lumpur a Beijing. Diario de viaxes Presentación do libro

Participa: **María Meijide** (autora)

Lugar: Stand

De Kuala Lumpur a Beijing é un diario gráfico en tinta e acuarela editado en modo facsimilar. Un caderno de viaxe que presenta un percorrido íntimo e exótico a través de varios países do sueste asiático.

20:30

Cociñando con Benigno Campos (Ed. Galaxia) Presentación do libro

Participa: **Benigno Campos** (cociñeiro, autor do libro)

Presenta: **Nelly Espiño** (xornalista)

Lugar: Sala Leopoldo Lugones – Pabellón Amarillo

O famoso cociñeiro da televisión galega descubrirá na Feira do Libro de Buenos Aires os segredos mellor gardados da cociña galaica... onde tamén existe o chourizo e o pan!

Sábado 7

18:00

Festival de Poesía, Música e Baile Presentación do libro

Participan: O poeta **Miguel Anxo Fernán Vello**, a **Agrupación Folklórica Baixo Miño**, o **Grupo de Gaitas de la Sociedad de Vedra**, a **Agrupación Folclórica Miña Terra/Sociedad Arantei**, **Vilamarín** e **A Peroxa**, o **Grupo de Gaitas e Bailes Tradicionais do Centro Galicia de Buenos Aires** e o **Centro Arzuano Melidense**.

Lugar: Teatro Valle-Inclán do Centro Galicia

A palabra e a poesía na voz do autor galego Miguel Anxo Fernán Vello mesturada co baile e a música tradicionais a cargo de diversas agrupacións representativas da colectividade galega en Buenos Aires.

18:00 **Bos Aires galega (Ed. Toxosoutos)**

Presentación do libro

Participa: **Ruy Farías** (autor)

Lugar: Stand

Unha análise do impacto inmigratorio de galegos na Arxentina desde ópticas diversas.

19:00 **A noite enriba (Ed. Xerais)**

Presentación do libro

Participa: **Diego Ameixeiras** (autor)

Presenta: **Kike Ferrari**

Lugar: Stand

Un escritor obsesionado con David Goodis, un dos grandes narradores esquecidos da época dourada do xénero negro nos EEUU, emprende a súa obra máis ambiciosa: a redacción dunha biografía novelada do autor norteamericano, reivindicado durante décadas polos filósofos existencialistas franceses. Unha excepcional novela negra na que se reflexiona sobre os límites do xénero e da súa modernización radical.

20:00 **Mapa Emocional de Santiago**

Presentación do cartel ilustrado

Participa: **María Meijide** (autora)

Lugar: Stand

Un mapa singular da cidade de Santiago onde a localización e o tamaño das cousas responden a un rexistro subxetivo e non cartográfico. Un referente iconográfico que perdurará na memoria emotiva de todos aqueles que viviron e soñaron con Compostela.

20:00 **A cociña galega**

Participa: **Benigno Campos**

Lugar: Centro Lalín, Agolada e Silleda

Domingo 8

18:00 **Museo da Emigración Galega na Arxentina**

Presentación do centro

Presentan: **Francisco Lores** (director), **Miguel Chiloteguy**, **Ruy Farías** e **Higinio Martínez**

Lugar: Stand

O Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA) é unha institución que adquire, protexe, conserva, investiga, comunica e exhibe o patrimonio material e inmaterial do colectivo galego vinculado á emigración, ao exilio e á súa contorna. O acervo patrimonial que integra as súas coleccións está constituído por obxectos, vinculados á emigración, á República española e ao exilio doados pola colectividade galega.

19:00 **Os Xogos Florais do Idioma Galego**

Proxección audiovisual

Participa: **Xan Leira** (autor)

Lugar: Stand

A repercusión mediática e institucional acadada polos Xogos Florais do Idioma Galego realizado na cidade de Buenos Aires o 31 de agosto de 1968 amosa a enorme inserción social, económica e cultural dos galegos emigrados á capital porteña. A presenza do notable escritor Jorge Luis Borges no banquete de clausura, a importante dotación económica para os premiados ou a participación de máis de 100 escritores galegos deixa ver unha colectividade viva e preocupada polo noso patrimonio lingüístico e cultural, e polo destino democrático de Galicia.

Luns 9

Traspaso á nova cidade convidada

Acto institucional

Participan: representantes institucionais de Galicia, de Arxentina e da cidade convidada 2017

Lugar: Recinto feiral

EXPOSICIÓN

abril – maio

Santiago, cidade ilustrada

Lugar: Espazo de acceso á Sala Hernández

Esta exposición mostra o protagonismo que a cidade de Compostela foi adquirindo na literatura infantil e xuvenil e na banda deseñada ao longo dos últimos anos. Setenta ilustracións recompiladas por El Patito Editorial para esta mostra de debuxantes como Pepe Barro, Fran Bueno, Carreiro, Dudi, Mike Deodato, Lázaro Enríquez, Fausto, Nacho Hortas, Kohell, Kukas, César Lombera, Xaquín Marín, María Meijide, Mike Mignola, Pgbllas, David Pintor, Miguelanxo Prado, David Roach, Manuel Uhía e Varela Ferreiro, entre outros.

abril – maio

Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)

Lugar: Centro Cultural General San Martín

Un proxecto expositivo organizado polo Consello da Cultura Galega, pero tamén un balance do “estado da arte” dos estudos valleinclanianos, feito por estudiosos actuais da súa obra, para entender a complexidade dun autor como Valle-Inclán, tan intemporal como sometido ao imperio da súa época e, neste caso, da “materia de Galicia”, que foi alforxa onde atopou a maioría dos seus dardos literarios.

abril – maio

Camilo José Cela no seu centenario

Lugar: Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales UCES (Paraguay 1318)

A intensa relación que Camilo José Cela mantivo coa Arxentina ao longo da súa vida —desde os primeiros escritos que publicou en *El Argentino*, pasando pola súa vinculación literaria coa editorial Emecé e os distintos recoñecementos que tivo no país, como o doutorado honoris causa pola Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales— centra esta exposición que conmemora o centenario do nacemento do premio Nobel galego.

abril – maio

Galicia imaxinada nas revistas da emigración

Lugar: Centro Galicia

Promovida polo Consello da Cultura Galega, retrata a Galicia dos emigrantes: a real e a idealizada. As publicacións da colectividade foron a canle utilizada para imaxinar a terra. Unha representación con imaxes e relatos escollidos das revistas que as diferentes sociedades étnicas ofreceron como instrumentos de difusión e promoción do propio, ademais de elementos fomentadores de identidade e reprodutores alén mar das tradicións e costumes dos lugares de orixe. Por unha banda, fanse eco dos logros acadados na diáspora e, por outra, constrúen a imaxe da patria anhelada, recordada.

abril – maio

Eduardo Blanco Amor

Lugar: Usina del Arte

Á par do seu labor como escritor e xornalista, Eduardo Blanco Amor desenvolveu toda a súa vida unha intensa actividade como fotógrafo, unha ollada creativa que se recolle nesta exposición da Editorial Galaxia.

setembro

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

No marco do protagonismo da cultura galega en Buenos Aires en 2016, a Fundación Cidade da Cultura levará a obra de José Suárez á capital porteña no mes de setembro, na que constitúe a maior exposición realizada ata o momento sobre o fotógrafo de Allariz. Comisariada por José Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, a mostra, que se exhibiu no Museo Centro Gaiás de novembro de 2015 a marzo de 2016, reúne desde as imaxes máis icónicas ata series nunca antes expostas dun dos grandes nomes da fotografía do século XX.

CICLO DE CINEMA GALEGO

28 de abril-4 de maio

Promove: **Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)**, en colaboración coa **Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID)**

Lugar: Sala Gaumont

A produción cinematográfica en Galicia é tan vella como o propio cine. Ou case tan vella. Se as primeiras exhibicións cinematográficas galegas tiveron lugar en setembro de 1896, apenas uns meses despois, en xuño de 1897, José Sellier, fotógrafo de orixe francesa asentado na Coruña, xa filmaba as súas primeiras películas cunha cámara Lumière. Desgraciadamente, esta precocidade non terá continuidade e a produción cinematográfica non se normalizará en Galicia ata a década dos noventa do pasado século, cunha produción continuada, con bases de financiamento estables e unha saída regular ao mercado.

Esta mostra pretende ser unha representación do cine que se fai actualmente en Galicia. Por suposto, o seu eixe non é outro que o da literatura. E é que se algo define a Galicia son os seus grandes narradores.

Películas como *A esmorga*, *Arraianos* ou *A praia dos afogados* demostran tamén a diversidade desas fontes literarias das que se nutre a produción galega.

O resto desta ampla selección, que se complementará cunha mostra de diversos documentais culturais, aborda moi distintos xéneros e modelos de produción, desde o cine infantil de animación á produción máis independente, desde películas cunha clara vocación popular a outras que lograron o recoñecemento da crítica nos máis prestixiosos festivais internacionais.

	19:00	21:00
28 de abril. Xoves		Lobos sucios
29 de abril. Venres	Las altas presiones	A esmorga
30 de abril. Sábado	Meñique	Inevitable
1 de maio. Domingo	Noche de ¿paz?	Los fenómenos
2 de maio. Luns	Arraianos	A praia dos afogados
3 de maio. Martes	No Cow on the Ice	O ouro do tempo
4 de maio. Mércores	El árbol magnético	Encallados

28 de abril ás 21:00 h

Lobos sucios

Dirixida por: **Simón Casal de Miguel**

Cualificación: Non recomendada para menores de 12 anos

Xénero: Drama

Ano: 2015

Sinopse: Inspirado libremente en feitos e personaxes reais, o filme conta a historia de dúas irmás, Manuela e Candela, que traballan nunha mina de wolframio galega explotada polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Unha delas traballa no lavadoiro e a outra dedícase ao estraperlo, pero a situación complícase cando un espía belga lles encarga sabotar o cargamento que os nazis van enviar ás fábricas de armamento en Alemaña.

29 de abril ás 19:00 h

Las altas presiones

Dirixida por: **Ángel Santos**

Cualificación: Non recomendada para menores de 7 anos

Xénero: Drama

Ano: 2014

Premios: Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF'14) - Premio Nuevas Olas.

REC Tarragona - Mención especial na sección ópera prima.

Sinopse: Miguel viaxa a Pontevedra, a súa cidade natal, co encargo de rexistrar as localizacións para unha

película. A súa viaxe lévao de regreso ao lugar no que creceu, ao reencontro con vellos amigos, pero tamén á posibilidade dunha nova relación: Miguel tratará de levar a termo o seu traballo, aínda que case sempre prefira gravar os aldeáns cos que se atopa, os movementos e os rostros dos seus amigos, os trens pasando ou o mar.

29 de abril ás 21:00 h

A esmorga

Dirixida por: **Ignacio Vilar**

Cualificación: Non recomendada para menores de 16 anos

Xénero: Drama

Ano: 2014

Sinopse: Crónica tensa e intensa de 24 horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que, deixando un regueiro de destrución, de sexo equívoco e reprimido, van pechando portas tras de si e tirando as chaves, como para non querer volver, como se a propósito camiñasen cara á súa perdición. Guión baseado na obra homónima de Eduardo Blanco Amor.

30 de abril ás 19:00 h

Meñique

Dirixida por: **Bruno López Ernesto Padrón Blanco**

Cualificación: Apta para todos os públicos

Xénero: Animación

Ano: 2014

Premios: Premios Mestre Mateo 2015 - mellor longametraxe de animación

Sinopse: Meñique é a historia dun pequeno campesiño que quere sacar a súa familia da pobreza. Unha praga de insectos que destrúe a colleita do campo onde vive e o encontro co espello máxico da media laranxa son os sucesos que o levarán á aventura. O espello revélalle quen é a muller dos seus soños e ánimo a ir á cidade xunto aos seus irmáns, Pablo e Pedro.

30 de abril ás 21:00 h

Inevitable

Dirixida por: **Jorge Algora**

Cualificación: Non recomendada para menores de 16 anos

Xénero: Drama / Romance

Ano: 2013

Premios: Festival de Cine Español Camino de Santiago - premios Estela do público, mellor película e mellor actor protagonista

Sinopse: Fabián, que traballa como executivo nun banco, entra en crise tras a morte dun compañeiro de traballo. Coñece un famoso escritor cego, que intenta axudalo, e, guiado polos seus consellos, forza unha relación con Alicia, unha moza escultora á que ve como o seu amor inevitable.

1 de maio ás 19:00 h

Noche de ¿paz?

Dirixida por: **Juan Galiñanes**

Cualificación: Apta para todos os públicos

Xénero: Animación

Ano: 2014

Sinopse: Noiteboa. No salón dunha casa conviven dous mundos de xoguete. Nun lado a árbore de Nadal, fogar de Papá Noel e os seus elfos. No outro, o Belén cos Reis Magos e demais figuriñas do portal. As dúas tradicións prepáranse para celebrar o Nadal, cando de súpeto salta a alarma. O trineo de Papá Noel desapareceu e o Neno Xesús foi secuestrado.

1 de maio ás 21:00 h

Los fenómenos

Dirixida por: **Alfonso Zarauza**

Cualificación: Non recomendada para menores de 7 anos

Xénero: Drama

Ano: 2013

Premios: Festival de Cine de Bruxelas - premio do xurado

Premios Mestre Mateo 2015 - mellor película, dirección, guión e actriz de reparto (Leticia Sola)

Sinopse: Cando a súa parella desaparece, Neneta abandona a furgoneta na que vive na costa de Almería e regresa co seu bebé ao seu Ferrol natal, onde acaba conseguindo un posto de traballo de peón de albanel. Superada a dureza do oficio, a súa cuadrilla empeza pronto a destacar pola súa gran capacidade de traballo, pero a burbulla inmobiliaria paralizará as súas expectativas de futuro.

2 de maio ás 19:00 h

Arraianos

Dirixida por: **Eloy Enciso Cachafeiro**

Cualificación: Apta para todos os públicos

Xénero: Documental

Ano: 2012

Premios: Festival de Cine Europeo de Sevilla 2012 - premio Nuevas Olas

Sinopse: Crónica sobre un pequeno lugar perdido nas montañas da fronteira entre Galicia e Portugal, unha comunidade rural que se resiste a desaparecer. Os momentos de ficción coexisten coa vida diaria dos veciños que, sorprendentemente, interpretan diálogos dunha obra existencialista e lírica chamada *O bosque*, do escritor Marinhoas do Val. Mentres realidade, mitos e soños se confunden, aparece un estraño que anuncia unha profecía.

2 de maio ás 21:00 h

A praia dos afogados

Dirixida por: **Gerardo Herrero**

Cualificación: Non recomendada para menores de 12 anos

Xénero: Thriller

Ano: 2015

Sinopse: Unha mañá, o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata a beira. Se non tivese as mans atadas, Xusto Castelo sería outro dos fillos do mar que atopou a súa tumba entre as augas mentres faenaba. Sen testemuñas nin rastro da embarcación do falecido, o inspector Leo Caldas mergullarase no ambiente mariñeiro do lugar, tratando de esclarecer o crime entre homes e mulleres que se resisten a desvelar as súas sospeitas e que, cando se decidan a falar, apuntarán nunha dirección inesperada.

3 de maio ás 19:00 h

No Cow on the Ice

Dirixida por: **Eloy Domínguez Serén**

Cualificación: Non recomendada para menores de 18 anos

Xénero: Documental

Ano: 2014

Sinopse: Un mozo galego emigra a Suecia, onde desempeña varios traballos a tempo parcial mentres trata de emprender a súa carreira cinematográfica. A aprendizaxe dun novo idioma e a súa fascinación por unha paisaxe insólita convértense pronto en dous estímulos fundamentais fronte ás dificultades do seu proceso de adaptación no novo país.

3 de maio ás 21:00 h

O ouro do tempo

Dirixida por: **Xabier Bermúdez**

Cualificación: Non recomendada para menores de 12 anos

Xénero: Drama

Ano: 2013

Sinopse: Alfredo Méndez, de 40 anos, garda na súa casa de campo o cadáver crionicamente preservado da súa muller. Esta insólita actitude débese ao amor que sentía cara a ela e a súa ambición médica. Non obstante, nos últimos anos a súa saúde foi mingando, polo que tivo que recorrer aos coidados de Corona, unha enfermeira nova que fai tamén ás veces de criada.

4 de maio ás 19:00 h

El árbol magnético

Dirixida por: **Isabel Ayguavives**

Cualificación: Apta para todos os públicos

Xénero: Drama

Ano: 2013

Premios: Madridimagen 2013 - Premio DAMA á mellor ópera prima iberoamericana

Festival Internacional de Cine Valdivia 2013 Chile - premio Moviecity

Sinopse: Bruno regresa ao seu país de orixe, Chile, despois dunha prolongada ausencia. A casa de campo que de neno compartía coa súa familia está agora en venda, e todos se reúnen para despedir o lugar. A visita á "árbore magnética", unha curiosidade local de estrañas propiedades, espertará nel sensacións e afectos case esquecidos desde que era un mozo.

4 de maio ás 21:00 h

Encallados

Dirixida por: **Alfonso Zarauza**

Cualificación: Non recomendada para menores de 7 anos

Xénero: Comedia

Ano: 2015

Sinopse: Un director de cinema chama dous amigos guionistas para escribir un filme sobre a catástrofe do Prestige con poucos medios e un prazo inminente. Os tres acaban, como o propio petroleiro, encallados ante a imposibilidade de levar a cabo a súa historia.

Localizador. As autoras e autores na rede

Marcelino Agís Villaverde	
Xavier Alcalá	xavieralcala.com
Xesús Alonso Montero	
Diego Ameixeiras	twitter.com/diegoameixeiras
Benigno Campos	
Fina Casalderrey	www.fina.casalderrey.com
Yolanda Castaño	www.yoladacastano.com
Ledicia Costas	twitter.com/lediciacostas
José Edelstein	twitter.com/joseedelstein
Pedro Feijoo	twitter.com/pedrofeijoo
Miguel Anxo Fernán Vello	
Víctor F. Freixanes	
Elena Gallego	www.elenagallego.es
Clara Gayo	
Luis González Tosar	
Antón Lopo	
María Meijide	www.mariameijide.es
Jorge Mira	twitter.com/jorgemirausc
Teresa Moure	
Chus Pato	
Xavier Queipo	www.xavierqueipo.gal
Manuel Rivas	www.manuelrivas.com
Cesáreo Sánchez Iglesias	
María Solar	www.mariasolar.com
Xaquín del Valle-Inclán	
Domingo Villar	twitter.com/domingovillar
Ramón Villares	www.ramonvillares.eu

www.cultura.gal/librogalegobaires16/autores-autoras

Localizador. Editoriais e entidades presentes na feira

As editoriais galegas terán presenza na feira con distintos modos de participación: nas xornadas profesionais, integradas na programación de presentación das súas novidades, representadas polos seus autores e a través das obras enviadas para exposición no stand de Galicia.

Editoriais con presenza comercial

Alvarellos Editora	www.alvarellos.info
Ediciones del Viento	www.edicionesdelviento.es
Edicións Xerais de Galicia	www.xerais.es
Editorial Galaxia	www.editorialgalaxia.com
Ézaro Ediciones	www.ezaroediciones.com
Hércules de Ediciones	www.herculesediciones.com
KNS Ediciones	www.knsediciones.com
Nova Galicia Edicións	www.novagalicia.com
OQO Editora	www.oqo.es

Editoriais e entidades con material en exposición

Acuarela Comunicación	acuarelacomunicacion.wordpress.com
Alvarellos Editora	www.alvarellos.info
Centro PEN Galicia	
Consello da Cultura Galega	www.consellodacultura.gal
DARDO	www.dardo-ds.com
Editorial Galaxia	www.editorialgalaxia.com
Edicións Xerais de Galicia	www.xerais.es
Edicións Embora	www.editorialedicionsembora.es
Edicións Positivas	www.edicionspositivas.com
Editorial Kalandraka	www.kalandraka.com
Editorial Toxosoutos	www.toxosoutos.com
Editorial Trymar	www.trymar.com
Ediciones del Viento	www.edicionesdelviento.es
Editorial PulpBooks	www.pulpbooks.es
Ézaro Ediciones	www.ezaroediciones.com
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	www.cidadedacultura.gal
Fundación Eugenio Granell	www.fundacion-granell.org
Ir Indo Edicións	www.irindo.com
Hércules de Ediciones	www.herculesediciones.com
KNS Ediciones	www.knsediciones.com
OQO editora	www.oqo.es
MC Sports	www.mcsports.es
Ouvirmos	www.ouvirmos.com
Sistema Universitario de Galicia	
Turgalicia	www.turgalicia.es
Urco Editora	www.urcoeditora.com
Xunta de Galicia	www.xunta.gal



A Feira Internacional do Libro de Buenos Aires

A Feira Internacional do Libro de Buenos Aires é un evento de referencia para a proxección do sector editorial no ámbito de América Latina. Promovida pola Fundación El Libro (entidade sen fin de lucro constituída pola Sociedad Argentina de Escritores, Cámara Argentina del Libro, Cámara Argentina de Publicaciones, Sector de Libros y Revistas de la Cámara Española de Comercio, Federación Argentina de la Industria Gráfica y Afines, e Federación Argentina de Librerías, Papelerías y Afines), o evento incorporou hai catro anos a figura de "cidade invitada". Ata agora, gozaron desa distinción Ámsterdam, São Paulo e Ciudad de México. A organización, co apoio da Xunta de Galicia, decidiu designar a Santiago de Compostela como cidade convidada en 2016.

Datos básicos da feira 2016

42ª FERIA INTERNACIONAL DEL LIBRO DE BUENOS AIRES

SITUACIÓN: La Rural, Predio Ferial de Buenos Aires (barrio de Palermo)

SUPERFICIE DA FEIRA: 45.000 metros cadrados

PÚBLICO: 1.000.000 de visitantes

DATAS: 21 de abril ao 9 de maio de 2016

INAUGURACIÓN: xoves 21 de abril ás 18:00 h

XORNADAS PROFESIONAIS: do 19 ao 21 de abril (12.000 participantes)

Datos do stand de Galicia 2016

Santiago de Compostela, cidade convidada

SITUACIÓN NA FEIRA: Pabellón Amarillo

SUPERFICIE: 200 metros cadrados

ENTIDADES REPRESENTADAS: Xunta de Galicia, Concello de Santiago de Compostela, Instituto Argentino de Cultura Gallega, editores galegos.

CARACTERÍSTICAS: espazo arquitectónico en illa, con espazos de acollida en todo o perímetro, mesas de reunións e cun túnel central pechado para o desenvolvemento de eventos literarios. Imaxe gráfica centrada nos símbolos de Santiago de Compostela vinculada aos nomes da literatura galega de todos os tempos.

#librogalegobaires16
www.cultura.gal/librogalegobaires16



42ª Feria Internacional
del Libro de Buenos Aires



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA